

CINE E SAÚDE

CINE E SAÚDE



entreparradas

P(A)T

Índice

	Páx.
Coordinadora: Paz Villar San Martín. Bióloga. Técnica da Concellería de Saúde do Concello de Ourense.	
Autoría: Ángelica Ferro Cid. Psicopedagoga e Orientadora	
Edita: Concello de Ourense. Concellería de Saúde.	
Colabora: Xunta de Galicia. Consellería de Sanidade.	
Deseño: Planos publicidade - Ourense.	
Imprime: Imprenta Sanmartín - Ourense.	
Depósito legal: OU 13-1995	
I.S.B.N.: 978-84-87623-95-0	
Queda expresamente prohibida a reprodución total ou parcial desta guía didáctica, sen o permiso escrito dos propietarios do copyright.	
1.- PRESENTACIÓN	4
2.- PERSOAS DESTINATARIAS	4
3.- OBXECTIVOS	4
4.- ORIENTACIÓN METODOLÓXICAS	5
5.- ENTREPARADAS, "O PROXECTO"	6
6.- ENTREPARADAS, O DOCUMENTAL	8
a.- Ficha técnica e artística.....	8
b.- Sinopse.....	8
c.- O director.....	8
7.- CONTIDOS E PROPOSTA DE ACTIVIDADES	9
a.- Emocións.....	9
b.- Discapacidade e superación persoal.....	10
c.- Traballo en equipo.....	12
d.- Teatro invisible.....	13
e.- A xeración Nós en Entreparadas.....	14
f.- "Somos".....	15
8.- ENLACES DE INTERESE	16
9.- BIBLIOGRAFÍA	16
10.- CUESTIONARIO DE AVALIACIÓN	17

Actores somos todos nós, o cidadán non é quen vive en sociedade: é aquel que a transforma!
(Mensaxe de Augusto Boal para o Día Mundial do Teatro, 2009)

1.- Presentación

Mediante unha acción ideada e coordinada pola asociación de Prevención de Accidentes de Tráfico (P/A)T Galicia, un amplo grupo de persoas achegan a súa experiencia vital para "representar" historias teatraizadas nos buses urbanos de Ourense. Entre parada e parada, os buses fan as veces de escenarios "en tránsito", nun proxecto de inclusión verdadeiramente innovador: *Entrepardas*, Viaxa con Nós.

Entrepardas, o documental, recolle en 62 minutos un proxecto que se prolongou máis dun ano e que levou ás rúas de Ourense unha historia de integración, valores e convivencia. A través desta guía analizaremos mediante unha proposta de actividades algunhas das principais fontes de enriquecemento persoal e social que nos propón este proxecto.

2.- Persoas Destinatarias

Esta guía destínase a toda a poboación e aos distintos tipos e contextos de formación incluíndo a educación formal e non formal, tendo en conta as indicacións propostas para adaptar os contidos e obxectivos a cada grupo en particular, especialmente no que se refire á metodoloxía á empregar (rítmos de aprendizaxe, formas de transmitir o material e desenvolvemento das actividades).

3.- Obxectivos Obxectivos xerais

- Ofrecer unha proposta pedagóxica de traballo que complementa a función educativa do material audiovisual *Entrepardas*.
- Reflexionar sobre o uso do transporte público como unha alternativa saudable e de relación social nas cidades.
- Afondar na análise de historias de vida e das relacións humanas baixo a perspectiva da inclusión social e do desenvolvemento persoal.

1. Por motivos de estilo e co fin de conseguir unha lectura fluida do texto, utilizaremos aquelas palabras referidas ao xénero masculino e feminino no seu amplo sentido (nenez, infancia, adolescencia, adultitude...). Na maioría dos casos farase alusión a ambos xéneros a pesar de usar en ocasións un termo ou outro.

Obxectivos específicos

- Coñecer formas alternativas de prevención na mobilidade, a través dun proxecto de inclusión social de características pioneiras a nivel nacional.
- Comprender e analizar as emocións que se perciben dos participantes no proxecto e dos destinatarios deste, a través da súa comunicación verbal e non verbal.
- Reflexionar sobre o papel do esforzo persoal na traxectoria vital das persoas.
- Sensibilizar sobre a importancia dunha convivencia na que se primen valores como a tolerancia, o respecto, a solidariedade, a amizade e a superación persoal.
- Coñecer as peculiaridades dunha expresión cultural pouco coñecida: o teatro invisible.
- Investigar sobre aspectos culturais e históricos relevantes da cidade de Ourense e reflexionar sobre a súa importancia.

4.- Orientacións Metodolóxicas

As actividades desta unidade están pensadas para traballar en grupo antes e despois do visionado do filme. Resulta de interese que todo o grupo participe activamente do desenvolvemento das actividades, compartindo as súas opinións e inquedanzas co resto. A continuación ofrécese unhas pautas para secuenciar a aplicación didáctica do filme:

1. *Planificación*: É recomendable que antes do visionado do filme e da realización das actividades correspondentes se realice unha fase de contextualización da súa temática.
2. *Motivación*: As expectativas sobre o filme condicionan o grao de atención e implicación nas actividades, polo que é interesante que se cree intencionalmente un ambiente positivo sobre o visionado de *Entrepardas* e a realización da unidade didáctica.
3. *Proxección*: Para mellorar o visionado do filme será conveniente contar cun espazo e medios axeitados, que favorezan a atención e unha boa transmisión do contido do documental.
4. *Realización da unidade*: A través das actividades que se ofrecen nesta guía, que poden complementarse con outras que se consideren oportunas e que se relacionen coa temática.
5. *Avaliación*: Mediante a que comprobaremos o grao de interese, implicación, motivación do grupo fronte ao filme e á unidade didáctica, así como cara á propia temática en si.

5.- Entreparradas, o proxecto

Hai uns anos en Ourense, na liña 6 B do autobús urbano público sucedeu algo que inspirou este proxecto. Os usuarios daquela liña, cruzaban diariamente as súas vidas entre parada e parada, do mesmo xeito que lle ocorre a moitos outros en calquera lugar do mundo neste mesmo instante.

Ao mesmo tempo que contribúan a pacificar o tráfico, a acougar a mobilidade e facer unha cidade máis amable coa circulación usando o transporte público, sen preteñelo, co paso dos días, produciuse unha situación moito máis interesante desde o punto de vista social: aqueles viaxeiros forxaron unha amizade que levaron fóra do bus como nunca o farían outros usuarios de automóviles particulares.

Partindo desa anécdota e indo un pouco máis alá, pretendeuse que nese mesmo espazo se implementase unha acción teatral, seguindo as bases teóricas do *teatro invisible* e utilizando o recurso natural do autobús, imprescindible para mellorar a mobilidade nas cidades, tamén como unha ferramenta cultural, de enriquecemento social e lúdica.

Sen dúbida, a parte máis emocional de *Entreparradas* foi o verdadeiro corazón deste: o grupo de teatro. Intencionalmente seleccionouse un grupo de persoas anónimas, representativas do que pode ser calquera cidade e, na súa maioría, en situacións de risco de exclusión social por diferentes motivos. Cada un asumía un reto persoal coa participación neste proxecto e adentrábase nunha aventura que cambiaría dalgunha forma a súa vida.

Entreparradas foi posible gracias á colaboración técnica de Elena Seijo, do grupo de teatro profesional ourensán Sarabela e dos membros do grupo musical O Sonoro Maxín e foi recollido por Toño Chouza no material audiovisual que se analiza nesta guía.

Un gran equipo de máis de 100 persoas voluntarias moveu os fíos de *Entreparradas* para que finalmente se convertese no gran proxecto que chegou a ser.


16 HISTORIAS DE VIDA

- **Adrián Fernández:** Mozo na escena *Os vellos non deben de namorarse* de Castelaio.
- **Natalia Salgado:** Moza na escena *Os vellos non deben de namorarse* de Castelaio.
- **Marisol Delgado:** Nai da moza na escena *Os vellos non deben de namorarse* de Castelaio.
- **Félix González:** Arqueólogo na escena *As vendimadoras* de Otero Pedrayo.
- **Joé Pérez:** Sr. Vences na escena *As vendimadoras* de Otero Pedrayo.
- **Mª Mar Rodríguez:** Vendimadora na escena *As vendimadoras* de Otero Pedrayo.
- **Maguett Anne:** Vendimadora na escena *As vendimadoras* de Otero Pedrayo.
- **Silvia Adán:** Vendimadora na escena *As vendimadoras* de Otero Pedrayo.
- **Olga González:** Sra. María na escena *As vendimadoras* de Otero Pedrayo.
- **Sonia Ferro:** Velliña na escena *A vella velliña* de Vicente Risco.
- **Felisa Nchama:** Filia avogada na escena *A vella velliña* de Vicente Risco.
- **Eva María Salgado:** Filia escritora na escena *A vella velliña* de Vicente Risco.
- **Beatriz Docabo:** Fillo labrego na escena *A vella velliña* de Vicente Risco.
- **Félix Estévez:** Narrador na escena *O pai de Migueleño* de Castelaio.
- **Teresa Dasilva:** Nai de Migueleño na escena *O pai de Migueleño* de Castelaio.
- **José Manuel Prado:** Migueleño na escena *O pai de Migueleño* de Castelaio.

ACTIVIDADES:

- a. Para saber máis do Proxecto *Entreparradas* realiza unha busca a través de internet coa palabra clave "*Entreparradas*".

- b. Visita o blogue: <http://entreparradasourense.blogspot.com.es/>



6.- Entreparadas, o documental

a.- Ficha técnica e artística

Dirixe: Toño Chouza	Son directo: Pablo Chouza
Guión: Toño Chouza	Música: Nico Casal e O Sonoro Maxín
Produce: P(A)T Galiza	Dirección de fotografía: Pablo Chouza
Producción executiva: Maxi Cid, María Líaño, Toño Chouza e Jorge Coira	Ano: 2011/12 (Realización) 2013 (Estrea)
Dirección e produción: María Líaño	

b.- Sinopse

Un proxecto solidario que cambiou formas de vivir e de ver as cousas. *Entreparadas* cóntanos a historia de 16 persoas anónimas que atesouran experiencias vitais únicas e que cruzan os seus camiños no momento no que nace este proxecto.

A longametraxe fíxa a súa mirada en Jose, con parálise cerebral, e Felisa, inmigrante invidente, que comparten unha experiencia que marcará as súas vidas. Unha idea: un grupo de teatro "Invisible" que actúa por sorpresa nos autobuses urbanos. Un soño: Aplausos, emocións, tolerancia, convivencia, cultura e unha forte mensaxe social que chega a moitos viaxeiros entre parada e parada dos autobuses de mans dos 16 actores e actrices.

c.- O director

Toño Chouza (Boiro, 1979) cursou o seus estudos de Dirección Cinematográfica na Escola Superior de Cine e Audiovisuais de Cataluña e tamén é licenciado en Filoloxía Hispánica. Entre os seus traballos destacan *Somnium* (2007), *Sueño imperfecto* (2008), *Por la mañana* (2008), *Rodar improvisando en 18 comidas*, de Jorge Coira (2009), *De l'Amore* (2009), *A señora María* (2010), *It's time* (2010), & (2011), *Seule* (2012), *Things which didn't exist* (2012) e *Entreparadas* (2013).

Para máis información: <http://www.chouza.eu/>



7.- Contidos e proposta de actividades

a.- Emocións

En varias ocasións, durante o documental fálase de que *Entreparadas* é un proxecto de emocións.

- Que tipo de emocións identificas? Relaciona cada unha delas co significado que teña para ti, coas imaxes ou escenas do documental e coa información verbal e non verbal que recoñezas nelas:

Emoción	Definición / significado	Escena/ persoal/ imaxes	Comunicación verbal	Comunicación non verbal
---------	--------------------------	-------------------------	---------------------	-------------------------

- Traballamos en equipo: Formamos equipos de 4 persoas e cada unha delas recibirá un sobre. Realizaremos unha dramatización que consiste en representar aquilo que sae no noso sobre:

Son comerciais dunha empresa familiar. Todos teñen coche, xa que é indispensable para desenvolver o seu traballo, pero non todos están contentos co funcionamento do seu vehículo. Reciben unha carta da empresa anunciándolles a próxima adquisición dun coche que chegará á sucursal o mes que vén. Entre todos deben decidir cal deles queda co coche:

- * SOBRE 1: Sara. Leva 15 anos na empresa. O coche ten 15 anos e a súa quilometraxe é moi elevada. Xa hai tempo que pide un cambio de coche. É unha persoa con carácter e cre que o coche novo ten que ser para ela, xa que ten o coche máis vello e é a que leva máis tempo na empresa.

* SOBRE 2: Bruno. Leva 9 anos na empresa. Hai 5 anos que lle deron un coche novo, aínda que hai 1 ano tivo un accidente e desde entón non funciona ben. Píde un cambio desde entón. Considera que o coche novo ten que ser para el xa que co coche actual periga a súa seguridade.

* SOBRE 3: Marcos. Acaba de chegar á empresa e ten o coche que deixou Alberto, a porta do piloto non pecha ben e no taller non lla poden arranxar. Considera que o coche novo ten que ser para el, xa que acaba de chegar e o coche que lle deron non está en bo estado.

* SOBRE 4: Pilar. Desde hai 7 anos está na empresa. O seu coche está en bo estado, ten 3 anos, aínda que quere cambiálo porque di ter problemas co cambio de marchas. Ela quere o coche novo e arremete contra os demais para conseguir o seu propósito.

Cando remate a actividade faremos unha síntese das representacións dos diversos grupos facendo fincapé en:

- Os feitos relevantes xurdidos en cada grupo.
- A importancia da comunicación nas relacións humanas.
- Respetto como elemento fundamental na comunicación.

b. - Discapacidade e superación persoal

A discapacidade é unha cuestión que afecta aos individuos, ás familias e á sociedade no seu conxunto. En Entrepapadas, destaca o respecto ás diferenzas persoais e a aceptación destas como unha fonte de enriquecemento e diversidade.

- Analiza e describe as dificultades ou limitacións físicas, psicolóxicas, sociais e doutros tipos que sexas quen de detectar nos protagonistas de *Entrepapadas* identificando escenas concretas, diálogo ou situacións ás que fas referencia. Que tipo de recursos utilizan os/as protagonistas das situacións que describes para enfrontarse a estas dificultades?

- Elabora un mural no que relaciones de forma gráfica as persoas protagonistas das dificultades detectadas, coas características destas dificultades e as solucións que toman os protagonistas, incluíndo ademais a túa propia achega persoal (Como cres que o solucionarías ti?) Podes utilizar as fotos dos protagonistas de *Entrepapadas* que atoparás no noso blogue.

- Define coas túas propias palabras e pon exemplos de cada concepto:

Concepto	Definición
Discapacidade	
Dificultade	
Minusvalía	
Inclusión	

- Grandes xenialidades da historia en diferentes campos artísticos e intelectuais nos teñen deixado o seu legado sendo capaces de superar as súas dificultades físicas ou psicolóxicas. Investiga nas seguintes biografías e indica as súas principais achegas e o tipo de discapacidade que tiñan:

- * VINCENT VAN GOGH.....
- * BEETHOVEN.....
- * FRIDA KAHLO.....
- * JOHN FORBES NASH.....
- * STEPHEN HAWKING.....

Traballamos a empatía

- Realiza unha saída en grupo polo teu barrio anotando nun caderno as barreiras físicas que atopas: Cantas atopas? De que tipo? Como cres que poderían solucionarse?
- Tenta realizar algunha destas accións cos ollos vendados e analiza as túas sensacións: Cales son as dificultades que atopas? Que sensacións percibes?
- * Ver un vídeo.
- * Camiñar por unha habitación.
- * Preparar unha comida.
- * Subir a un autobús
- Dá un paseo en cadeira de rodas (se é posible que consigas este recurso) pola túa cidade durante 20 minutos e posteriormente comenta en grupo. Que dificultades atopas? Fai unha lista coas barreiras que atopas: de que tipo son? Que sensacións percibes do contacto visual, verbal e non verbal co resto da xente que pasea?



c.- Traballo en equipo

O ser humano é por natureza un ser gregario, que permanentemente está a buscar grupos cos cales referenciaise por diferentes motivos, sexan familiares, sociais ou de calquera outro tipo. Os integrantes dun grupo parecen buscar sempre alcanzar un propósito cando se reúnen. No caso do grupo de *Entrepasadas*, Cal cres que é o obxectivo principal que se presenta? Cres que existen ademais outros obxectivos menos visibles?

- Define cales son para ti as características imprescindibles que debe ter un bo equipo. Fai unha lista con esas características e ordénasas segundo teñan para ti maior ou menor importancia.
- Analiza o grupo de *Entrepasadas* e define estes valores baseándote en escenas e situacións concretas onde podemos identificalos. Despois completa a táboa buscando o contravalor relacionado en cada caso:

Valores	Entrepasadas: o grupo	contravalores
LIDERADO		
COMPROMISO		
COLABORACIÓN		
COMUNICACIÓN		
RESPECTO		
EMPATÍA		
TOLERANCIA		
CONVIVENCIA		

- Trabajamos en equipo: Dinámica grupal "NASA"

Vostedes pertencen a un grupo de cosmonautas. Nunha viaxe individual tiñan o encargo de atoparse coa nave nodriza na superficie iluminada da Lúa. Por mor de dificultades técnicas, a súa nave espacial tivo que alzar a 300km da nave. Durante a aluaxe destruíuse gran parte do equipo de a bordo. A súa supervivencia depende de que consigán chegar a pé á nave nodriza. Só poden levar con vostedes o máis imprescindible para superar esa distancia. Máis abaixo especificanse os 15 elementos que se salvaron. O seu labor consiste en facer unha clasificación pactada en equipo dos obxectos enumerados que sexan máis ou menos importantes para que a súa tripulación os leve consigo. Teñen 30 minutos para tomar a súa decisión.



- 1 caixa de mistos
- 20m. de corda
- 1 fogón portátil
- 1 lata de leite en polvo
- 1 compás magnético
- Cartuchos de sinais
- 1 receptor e emisor de FM
- 1 bote neumático con botellas de CO2
- 1 lata de alimento concentrado
- 30m. de seda de paracaidas
- 2 pistolas
- 2 bombonas de osíxeno de 50l
- 20 litros de auga
- 1 maletín de primeiros auxilios
- 1 mapa estelar (constelación lunar)

d.- Teatro invisible

"Vendo o mundo, ademais das aparencias, vemos opresores e oprimidos en todas as sociedades, etnias, xéneros, clases e castas, vemos o mundo inxusto e cruel. Temos a obriga de inventar outro mundo porque sabemos que outro mundo é posible, pero incúmbenos a nós construílo coas nosas mans entrando en escena, no escenario da vida"

Augusto Boal

O teatro invisible é unha forma de teatro social e político, representada nun contexto real fora dun escenario convencional e na que o público non identifica os actores e actrices como tales.

Recoñécese xeralmente a **Augusto Boal** como a persoa que o desenvolveu orixinalmente como o seu teatro do Oprimido. O teatro invisible ofrécese á xente que normalmente non tería a oportunidade de contemplar obras de teatro, aínda que moitas veces non se dean conta de que están ante unha.

- Reflexionamos: Que tipo de emocións percibimos das reaccións da xente que se atopa coas representacións teatrais no autobús? Con que perfil do público te identificas? Que tipo de reacción cres que terías ti de ter sido espectador de *Entrepasadas*? Que opinións deste tipo de manifestacións culturais pouco convencionais, que vantaxes e inconvenientes cres que teñen, por que?
- Investigamos sobre a figura de Augusto Boal: Onde nace o teatro invisible? Por que? Que características ten este tipo de teatro que o diferencia do resto?

- Realiza un pequeno deseño de intervención teatral baséndote nas ideas do teatro invisible.


Título:	
Lugar de realización:	
Duración:	
Sínope:	

- Comenta a frase de Augustio Boal, con motivo do Día Mundial do Teatro en 2009 e tenta relacionar o teu comentario con *Entrepapadas*.

e. *A xeración Nós en Entrepapadas*

As obras de teatro que representan os actores e actrices de *Entrepapadas* son catro textos adaptados pola directora Elena Seijo, de distintos autores da Xeración Nós.

- Investigamos: Que autores formaban parte desta Xeración? Cales foron as súas obras máis coñecidas? Que cousas tiñan en común? Cales son as obras que se representan en *Entrepapadas* e quen foron os seus autores?



Obra	Autor	Breve resumo
OBRA 1		
OBRA 2		
OBRA 3		
OBRA 4		

f. *"Somos"*

Ao remate do documental soa a canción que forma parte da súa banda sonora "Somos", que forma parte do disco *A Onda Sonora* (2012) do grupo musical ourensán O Sonoro Maxín.

- Completa a letra de "Somos" e busca nun dicionario as palabras das que descoñezas o significado.

"Somos o vento que pasa, somos os restos , somos a cinza do incendio que , somos trabada profunda que deixa trabados os dentes, somos os berros de estrume en xardín, Temos un deserto no peito que as veces muda que nunca chega ao seu fin..."


- Realiza unha busca en internet sobre este grupo musical, investigando sobre o tipo de música que fan e posteriormente analiza a letra do tema: explica coas túas palabras o significado das frases da letra. Con que membro do grupo *Entrepapadas* relacionarías as frases desta canción? Identificaste persoalmente con algunha das súas palabras? Por que?
- Pensa nos grupos de música que che gustan e escolle unha canción para *Entrepapadas*, explica por que a identificas con este proxecto ou con algún dos seus aspectos ou protagonistas.

8.- Enlaces de interese

- <http://entrepardasourense.blogspot.com.es>
- <http://www.pat-apat.org/>
- <http://www.chouza.eu/>
- <http://www.sarabelateatro.com/>
- <http://www.nicocasal.com>
- <http://osonoromaxin.com/>

9.- Bibliografía

- BOAL, A. (2010) Teatro del oprimido. Madrid: Alba.
- CABRA DE LUNA, M. A., BARRIFI, F. Y PALACIOS, A. (2007) *Derechos Humanos de las personas con discapacidad: La Convención Internacional de las Naciones Unidas*. Madrid: Editorial Universitaria Ramón Areces, Fundación Aequitas, Colección la Llave.
- ONU (2007) *De la Exclusión a la Igualdad: Hacia el Pleno Ejercicio de los Derechos de las Personas con Discapacidad*. Ginebra: ACNUDH.
- MATAIX, C. (2010) *Movilidad urbana sostenible: un reto energético y ambiental*. Madrid: Obra Social Caja Madrid.



10.- CUESTIONARIO DE AVALIACIÓN

- O FILME _____
- PROFESORA/A _____
- ALUMNO ☐ HOME ☐ MULLER ☐ IDADE _____
- CENTRO EDUCATIVO _____ CURSO _____

A. AVALIACIÓN XERAL DO TEMA

(Rodea cun círculo a puntuación correspondente)

	DEFICIENTE	ACEPTABLE	BEN	MOI BEN
O FILME	1	2	3	4
OS CONTIDOS	1	2	3	4
O MÉTODO DE TRABALLO	1	2	3	4
AVALIACIÓN XERAL	1	2	3	4

17

B. AVALIACIÓN XERAL DAS ACTIVIDADES

(Rodea cun círculo a puntuación correspondente)

	DEFICIENTE	ACEPTABLE	BEN	MOI BEN
A PARTICIPACIÓN	1	2	3	4
A RELACIÓN ENTRE O ALUMNADO	1	2	3	4
A RELACIÓN ENTRE ALUMNADO E PROFESORADO	1	2	3	4
AVALIACIÓN XERAL	1	2	3	4

1. OBSERVACIÓNS SOBRE O TEMA

2. OBSERVACIÓNS SOBRE O FILME

3. OBSERVACIÓNS SOBRE AS ACTIVIDADES

